



28 DE MARZO DE 2020

Horario: de 10:00 a 19:30 horas

BOLETÍN Nº 1

INDICE

1. ORGANIZA
2. COLABORA
3. PRESENTACIÓN
4. DESCRIPCIÓN DA COMPETICIÓN
5. PARTICIPACIÓN
6. REGULAMENTACIÓN
7. ACCESOS
8. PRAZOS E COTAS DE INSCRICIÓN
9. INFORMACIÓN TURÍSTICA E ALOXAMENTO
10. DATOS DA ORGANIZACIÓN



Deputación
DA CORUÑA



Lago Empedrado
Espíritu de aventura



HAGLÖFS



www.tragaluzfotografia.com



1. ORGANIZA



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña



2. COLABORA



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



3. PRESENTACIÓN

A primeira edición deste I Raid Brigantia Concello da Coruña, será CAMPIONATO GALEGO 2020 ademais da 2ª proba do calendario da Liga Galega de Raids de Aventura 2020.

A cidade da Coruña e a súa contorna, onde recaloron celtas, fenicios e romanos, onde atracou a Armada Invencible, ou mesmo foi atacada por piratas como o famoso Drake, e defendida por heroínas coruñesas como María Pita; este recuncho da península, onde as súas xentes opuxeron unha feroz resistencia á Invasión Francesa, é hoxe unha cidade aberta ao mar, cosmopolita e cun grande desenvolvemento económico, urbanístico e cultural.

A península na que está enclavada a cidade, fai que o seu crecemento sexa cara o interior, onde atopamos os montes e a natureza necesaria para poder levar a cabo estas actividades deportivas e de ocio.

Aínda que enclavada no noroeste da comunidade, a cidade conta con importantes eixes de comunicación, tendo as principais cidades galegas á seguinte distancia:

LUGO	95 km
OURENSE	170 km
PONTEVEDRA	133 km
SANTIAGO	73 km

4. DESCRICIÓN DA COMPETICIÓN

O Raid de Orientación é unha proba multidisciplinar por equipos, na que os participantes deben completar un percorrido de orientación, no menor tempo posible, superando as dificultades naturais que atopen ao seu paso, e utilizando exclusivamente as propias forzas, usando sempre medios NON motorizados (a pé, en btt, mediante cordas, kaiak, ...).

O percorrido é descoñecido de antemán (ata a saída da carreira) e organízase en etapas, sección, probas especiais e puntos de control intermedios, de paso obrigatorio ou voluntario. O itinerario de controis é libre e non estará sinalizado no terreo, podendo escoller cada equipo aquel percorrido que mellor poida afrontar en base ás súas cualidades físicas e técnicas.

O principal obxectivo desta competición é que sexa asequible a todos os participantes, independentemente do seu estado físico ou coñecementos técnicos. Ofrecese a participación nas seguintes categorías:

EQUIPOS e CATEGORÍAS:

RAID-O 3.0 elite: Categoría oficial obrigada, con formato 3 compoñentes sempre en competición.

RAID-O 2.1 aventura: Categoría oficial obrigada (intermedia, aínda que poida compartir percorrido coa categoría elite) con formato 2.1 reserva-asistencia, dous compoñentes sempre en competición e un posible reserva-asistencia, que poderá substituír a un compañeiro nos puntos indicados pola organización.

ORIENTA-RAID: Categoría de iniciación optativa para os organizadores da proba (percorrido fácil, esixencias físicas medias, esixencias técnicas mínimas), con formato 2+sen límites, con dous compoñentes sempre en carreira mínimo e un máximo de 5 en competición e sen límite de compoñentes reserva-asistencia, que poderán substituír aos seus compañeiros nos puntos indicados pola organización.

Poderán participar adolescentes de 16 e 17 anos, acompañados sempre de maiores de idade e con autorización

DISCIPLINAS:

Trekking, Btt, Kaiak e cordas (orienta-raid non terá esta última)



Espíritu de aventura



HAGLÖFS



www.tragaluzfotografia.com



ASISTENCIAS:

Na categoría RAID-3.0 élite, faina a organización. Prohibido asistencia externa.

Precisarán asistencia as categorías RAID-2.1 e ORIENTA-RAID.

MAPAS:

Topográficos e específicos.

TIPO E CARACTERÍSTICAS DA COMPETICIÓN:

A modalidade será "Non Stop"

Km aproximados:	90 km (37 km aprox en orienta-raid)
Desnivel positivo acumulado:	pendente
Seccións:	5
Probas especiais:	1

HORARIOS:

Apertura de secretaría:	08:30 horas
SAÍDA:	10:00 horas
PECHE DE META:	19:30 horas

5. PARTICIPACIÓN

Para participar será obligatorio ter 18 anos cumpridos, e estar en posesión da licenza de Raid da FEDO ou licenza dun día (tramitaraa a organización), ter as capacidades físicas e técnicas suficientes para afrontar a proba e non estar suxeito a ningunha sanción disciplinaria que o impida.

6. REGULAMENTACIÓN

A liga Galega de Raids de Orientación estará suxeita aos regulamentos e normas da FEGADO <http://fegado.es> e FEDO <http://www.fedo.org>, para os Raids.

- Reglamento raid 2020

<http://fegado.es/web/uploads/documents/file/709/5e107c219d-reglamento-fegado-raid-2020.pdf>

- Normas raid 2020

<http://fegado.es/web/uploads/documents/file/f85/5e1080d73e-normas-anuais-fegado-raid-2020.pdf>

7. ACCESOS:**CÓMO CHEGAR:**

PARA CHEGAR Á LIÑA DE SAÍDA, SITUADA NO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DE NOVO MESOIRO, COLLEREMOS COMO PUNTO DE REFERENCIA A SAÍDA 2 DA 3ª RONDA (AC-14) (VINDO DA CORUÑA). UNHA VEZ NA GLORIETA DA "SAMPAIO", COLLEREMOS Á ESQUERDA ATA CHEGAR Á GLORIETA "CEPSA", QUE COLLEREMOS Á DEREITA CARA NOVO MESOIRO. DEIXAREMOS O EROSKI Á DEREITA E NA SEGUINTE GLORIETA, COLLEREMOS Á ESQUERDA CARA ABAIXO (CENTRO DE SAÚDE, PAVILLÓN E CENTRO CÍVICO DE NOVO MESOIRO).



8. PRAZOS E COTAS DE INSCRICIÓN:

Data **límite de inscrición** (improrrogable): 24 de marzo ata ás 22 horas.
 Data límite de **inscrición reducida**: 17 de marzo ás 22 horas.

RAID 3.0 e RAID-2.1:

DATA	COTA DE INSCRICIÓN
Ata o 17 marzo ás 22 horas	54€/equipo
Dende as 22:01 horas do 17 marzo ata as 22:00 horas do 24 de marzo	65€/equipo
Cada compoñente precisará dunha tarxeta sportident (soamente válidas as SI9, SI10, SI11 ou SIAC) Se se precisa, o aluguer da mesma é de 3€ (a perda ou rotura da mesma suporá o pago de 70€) Importante: no formulario de inscrición debe anotarse correctamente o número de tarxeta SI correspondente a cada corredor/a. En caso de erro, o cambio de número fora de prazo terá un custo de 3€.	
Os membros do equipo que non teñan licenza de Raid , terán que aboar 2€/participante para obter dita licenza de proba.	

ORIENTA-RAID:

DATA	COTA DE INSCRICIÓN
Ata o 24 marzo ás 22 horas	50€/equipo
Só se precisará dunha tarxeta Sportident por equipo. Se se precisa, o aluguer da mesma é de 3€ (a perda ou rotura da mesma suporá o pago de 70€) Importante: no formulario de inscrición debe anotarse correctamente o número de tarxeta SI. En caso de erro, o cambio de número fora de prazo terá un custo de 3€.	
Os membros do equipo que non teñan licenza de Raid , terán que aboar 2€/participante para obter dita licenza de proba.	

Tanto a inscrición dos equipos como a solicitude de licenzas de proba (así coma o aluguer da tarxeta sportident, se é o caso) faranse na web:

www.tracktherace.com

A organización resérvase o dereito de cancelar o raid se non se consegue un número mínimo de equipos participantes, ou por causa maior.



9. INFORMACIÓN TURÍSTICA, ALOXAMENTOS E RESTAURACIÓN

O centro da competición estará ubicado no barrio de Novo Mesoiro (A Coruña).



A cidade da Coruña ten unha ampla oferta de hospedaxe, restauración e de ocio, sendo unha cidade de referencia nestes conceptos do norte de España.

Hai para todos os gustos e prezos. Non dubides en mirar a oferta e invitámoste tamén a que disfrutes dela toda a fin de semana.

www.turismocoruna.com

10. DATOS DA ORGANIZACIÓN

Dirección da proba : clubbrigantiaaventura@gmail.com

Inscricións: info@tracktherace.com

Evento facebook: [I Raid Brigantia Concello da Coruña](https://www.facebook.com/I-Raid-Brigantia-Concello-da-Coru%C3%B1a)

Máis información: www.fegado.es

627.496.679 Marcos Varela

Director de carreira:	Marcos Varela e Ricardo Sánchez
Control Sportident:	Quito González e Luís Villar
Equipo de campo:	Ricardo Sánchez, Ángel García, Marcos Varela
Seguridade:	Marcos Varela
Secretaría:	Quito González
Xuíz Controlador:	Oscar Fernández (Club Gallaecia)

Nota: A organización resérvase o dereito de posibles modificacións da información facilitada, se ben informarase no caso de que se produzan incidencias a través do correo electrónico dos equipos inscritos e da páxina web oficial da proba (www.fegado.es)



Espíritu de aventura



HAGLÖFS



www.tragaluzfotografia.com



